



Manifiesto da CNSE no Día Internacional das Persoas Xordas 2017

"Lingua de signos: un dereito humano e fundamental"

Este 30 de setembro celébrase en España o Día Internacional das Persoas Xordas. Unha oportunidade para visibilizar a realidade e diversidade das persoas xordas. Unha chamada de atención sobre as innumerables barreiras e prexuízos que dificultan as nosas vidas, día tras día, pero tamén para amosar ó mundo os logros, como somos e do que somos capaces.

A xordeira non nos limita. Nin nos asusta. Son os prexuízos, os estereotipos que aínda existen sobre as persoas xordas os que nos restan oportunidades. Vivimos nun mundo onde sufrimos fortes discriminacións por ser xordas: na educación, no emprego, no uso da lingua de signos, no acceso ós servizos socio-sanitarios, á xustiza, nos medios de comunicación, no desfrute da cultura, no acceso ás axudas técnicas e tantos outros. A pesar dos avances, as persoas xordas aínda non somos iguais en dereitos. Acceder a eles hoxe depende do lugar onde residas.

As persoas xordas somos diversas. Diversas en formas de comunicarnos, en idades, en procedencia, en intereses e aspiracións. Pero todas e cada unha de nós somos tan capaces como calquera. Capaces de traballar, de amar, de coidar, de educar, de educarnos, de aportar á sociedade e de crear prosperidade. Capaces de vivir, tal e como somos.

Quenes utilizamos a lingua de signos en España formamos parte dunha comunidade lingüística e cultural, tan válida e necesaria como calquera outra. E así queremos que se nos recoñeza. Para as persoas xordas e xordocegas usuarias da lingua de signos a nosa lingua é máis que unha opción. É unha necesidade. É un dereito humano e fundamental!

Pasaron 10 anos dende a promulgación da Lei 27/2007, de 23 de outubro, que recoñece por primeira vez a lingua de signos en España, tras varias décadas de intensa reivindicación. Unha lei que prometía garantir a nosa participación plena en igualdade de condicións que o resto de cidadanas e cidadáns. Unha lei moi esperada que aínda non se desprego un asúa totalidade.



A CNSE, Confederación Estatal de Personas Sordas, e toda a súa rede asociativa esiximos que esta norma se cumpra. Que sexa levada á práctica polo Estado, que se desenvolva en tódalas Comunidades Autónomas por igual contando con orzamento suficiente. Demandamos que o futuro Regulamento que desenvolverá a Lei 27/2007 sexa práctico e útil avanzando na mellora real das condicións de accesibilidade á información e á comunicación das persoas xordas e xordocegas, protexendo e promocionando a lingua de signos en tanto que idioma e lingua de cultura, servindo de modelo para tódolos territorios e contemplando unha dotación económica que garanta levar a cabo tódalas medidas que se establezan.

Por todo isto, no Día Internacional das Persoas Xordas reivindicamos:

- Que en tódalas Autonomías se garanta o dereito das persoas xordas e das súas familias a aprender a lingua de signos.
- Que non se impida que as nenas e nenos xordos poidan optar a unha atención temperá integral, que inclúa a lingua de signos.
- Que se propicien programas de atención a familias de persoas xordas que atendan tódalas súas necesidades, que sexan abertos e respectuosos coas diferentes opcións comunicativas i educativas. Que dende o eido da sanidade, os servizos sociais i educativos se informe de tódalas posibilidades ás familias, de forma obxectiva e sen que medien prexuízos.
- Unha educación que inclúa a lingua de signos nas aulas como lingua vehicular e curricular para o alumnado xordo. Que conte tamén con profesorado xordo. Porque para poder exercer unha libre elección, necesitamos opcións!
- Poder estudar as linguas cooficiais e idiomas extranxeiros, favorecendo a accesibilidade tanto nos propios centros educativos como nas escolas de idiomas o unas academias privadas, e adaptando o currículo segundo as nosas necesidades sen menoscabar o noso acceso á titulacións e certificacións oficiais.



-Ter intérpretes de lingua de signos dende o primeiro día do curso escolar, nos Institutos e Universidades, durante tódalas horas lectivas, así como as adaptacións técnicas necesarias. Que a accesibilidade para o alumnado xordo nas aulas deixe de ser unha barreira ano tras ano!

- O dereito a optar a un emprego máis alá dos Centros Especiais de Emprego. Queremos traballar tamén en empresas ordinarias. Non máis encasillamentos por ser persoas xordas!

- Por un traballo e un salario digno, onde as persoas xordas poidamos despregar tódalas nosas potencialidades. Por un emprego onde se respecte a diversidade, onde poidamos promocionar. Por un entorno laboral onde información e comunicación sexan accesibles para nós!

-Polo acceso pleno á formación para o emprego e á formación continua. Non máis impedimentos! Esiximos poder formarnos, avanzar humana e profesionalmente. Para que as persoas xordas sexamos suxeitos activos i empoderados dentro da sociedade, a plena accesibilidade á formación é fundamental.

- Polo recoñecemento profesional dos 394 profesionais xordos e xordocegos que son especialistas en lingua de signos. Pola súa dignidade profesional, polo mantemento dos seus postos de traballo. ¡Porque é de xustiza recoñecer o seu grande labor ensinando e difundindo a lingua de signos no noso país!

- O acceso á información e á comunicación de acordo ás necesidades e diversidade comunicativa das persoas xordas para calquera servizo (residencias de maiores, centros de día, saúde mental, casas de acollida, etc.)

-Dispoñer de servizos de interpretación e videointerpretación en lingua de signos, con calidade, que sexan de balde e que cubran tódolos ámbitos da vida.

-Asegurar o acceso das persoas xordas a audífonos e implantes cocleares sen que a súa situación económica e a das súas familias supoñan un impedimento.

-Incluir a realidade das mulleres xordas nos protocolos de protección, denuncia e atención antea violencia de xénero, garantindo en todo momento a accesibilidade á comunicación das vítimas e das denunciantes.



- Esiximos estar dentro da vida social, política, cultural i económica do país; desfrutar de espacios de ocio e arte inclusivos tamén en lingua de signos; dunha televisión plenamente accesible con subtítulos de calidade e con moitas máis horas de emisión en lingua de signos dentro da programación, e de cine e teatro accesibles.
- Queremos que a nosa lingua, a lingua de signos, forme parte da Constitución Española, como una lingua máis do noso país incrementando o seu estatus e prestixio lingüístico e social
- Que se respecte o dereito a aprender e usar a lingua de signos en calquera ámbito.
- Que se declare a lingua de signos en España como ben inmaterial de interese cultural. A nosa lingua e as nosas tradicións... sí son cultura!

Basta de incomprensión. Basta de estereotipos, de falta de vontade e de desidia. Basta de deixarnos para despois. Impórtanos o agora. Un agora de xustiza, oportunidades e igualdade.

SOMOS PERSOAS XORDAS. Coñécenos. Escóitanos.